

***PROTOCOLO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, Á TRAVES DO IGAPE, E PEQUEÑOS Y MEDIANOS ASTILLEROS SOCIEDAD DE RECONVERSIÓN, S.A. PARA A PUESTA EN MARCHA EN GALICIA DO PROXECTO "CONECTA NAVAL"***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral, Fernando Guldrís Iglesias do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), **DECLARA:**

Que este Ente ten previsto formalizar con PYMAR, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o mesmo día da súa sinatura ata o ata o 31 de decembro de 2023. As Partes podrán acordar prorrogar a vixencia do mesmo, por outra anualidade, a efecto de realizar un seguimento adecuado dos proxectos presentados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A iniciativa Conecta Naval será promovida por parte do Igape en colaboración con Pymar. O seu obxectivo será crear unha canle de comunicación directa coas empresas galegas interesadas na cadea de valor do sector naval e que teñan intención de participar en proxectos para a diversificación da súa actividade cara ás enerxías renovables mariñas, para a súa dixitalización ou para o incremento da súa sustentabilidade ambiental, co fin de optar de forma óptima ás axudas previstas na liña de actuación integral do PERTE Naval.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Que, entre as competencias e funcións do IGAPE atópase a promoción e dinamización económica e industrial da Comunidade Autónoma de Galicia que inclúe, entre outros sectores destacables, o da construción naval na rexión.

Que, Pymar é unha sociedade anónima que actúa como órgano de xestión do sector da construción naval privada española. Pymar está integrada polos principais estaleiros privados do país e entre os seus fins atópase a promoción de cantas actividades contribúan a defender e fomentar os intereses da construción naval privada española tanto no ámbito nacional como europeo.

Que, no marco das súas respectivas competencias e dada a forte vinculación de Galicia co sector naval, o IGAPE mantén unha estreita relación de colaboración institucional con Pymar, participando no Consello de Administración desta última mediante a proposta e designación dun dos seus membros, de conformidade co previsto nos estatutos sociais de Pymar.

Como consecuencia desta vinculación co sector naval, o IGAPE participa así mesmo no Fondo de Garantías Navais (" FGN"). O FGN atópase adscrito ao cumprimento dos fins propios do obxecto social de Pymar e o seu propósito é a prestación de

fianzas, avais e garantías en beneficio dos estaleiros que sexan membros do mesmo e dos armadores que contraten con estes, e a favor de entidades de crédito ou financeiras, públicas ou privadas, os propios estaleiros membros do FGN e os armadores que contraten cos mesmos, de conformidade co regulado nas normas de funcionamento do FGN.

Que, IGAPE considera ao sector naval privado español e, especialmente, ao galego -entendendo por sector naval privado o conxunto de empresas dedicadas á construción, a reparación e a transformación de buques e outros artefactos flotantes, a súa industria auxiliar, así como os seus subministradores de equipos e servizos- como un sector produtivo estratéxico e prioritario para a economía de Galicia, polo que está interesada en seguir levando a cabo políticas públicas e actuacións para apoiar a actividade do devandito sector.

Que, Pymar considera como prioritario e estratéxico o sector naval en todo o territorio nacional e, particularmente, na comunidade autónoma galega, estimando necesario dar a este sector un novo impulso transformador a nivel institucional.

Que como consecuencia da colaboración institucional entre as Partes, o pasado 22 de setembro de 2021 a Xunta de Galicia, a través do Igape, e Pymar subscribiron un protocolo para a elaboración dun plan de promoción e transformación do sector naval galego, que establece un marco de cooperación estable para o impulso e desenvolvemento de actuacións e proxectos en beneficio do sector naval en Galicia. Froito do devandito protocolo, a Xunta de Galicia elaborou, coa colaboración de Pymar, unha Estratexia de Recuperación, Crecemento e Diversificación da Industria Naval de Galicia para o período 2022-2026, que foi aprobada o pasado 21 de abril de 2022 (a "Estratexia 2022-2026").

Que, ante a satisfactoria experiencia de colaboración entre as Partes se desexa subscribir o presente protocolo para a posta en marcha e desenvolvemento da iniciativa Conecta Naval. Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

O Director Xeral do IGAPE